



A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 28 de outubro de 2014, á vista das avaliacións achegadas polas Comisións de Farmacia e Terapéutica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago e o Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña, **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do medicamento considerado de alto impacto, sanitario, social e económico:

**EMTRICITABINA / TENOFOVIR / ELVITEGRAVIR / COBICISTAT
(Strilbild®)**

na seguinte indicación:

Tratamento da infección polo virus da inmunodeficiencia humana tipo 1 (VIH-1) en adultos de 18 anos de idade ou maiores que nunca recibiran tratamento antirretroviral ou que están infectados por un VIH-1 sen mutacións coñecidas asociadas con resistencia a ningún dos tres fármacos antirretrovirais de Strilbild® e para os cales un réxime con efavirenz non está indicado, pola existencia de toxicidade a nivel do sistema nervioso central.

A elección do tratamento deberá priorizarse atendendo a criterios de eficiencia respecto as alternativas dispoñibles en cada caso.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2014

O PRESIDENTE DA COMISIÓN AUTONÓMICA CENTRAL DE FARMACIA E TERAPÉUTICA



COMISIÓN DE FARMACIA E TERAPÉUTICA DOS CENTROS HOSPITALARIOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

